



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO



CIRCULAR Nº 31

Temporada 21-22

Destino: Delegacións, Clubs.

Asunto: Inscripcións dos equipos participantes en competicións de 1ª División Junior, Cadete e Infantil.

Ponse en coñecemento das Delegacións e de todos os clubs interesados que o prazo de inscrición dos equipos nas competicións de ámbito autonómico finaliza o vindeiro día **28 de xullo 2022 ás 13.00 hrs.**

JUNIOR	28.07.22	13.00 hrs.
CADETE	28.07.22	13.00 hrs.
INFANTIL	28.07.22	13.00 hrs.

Todos os equipos que desexen formalizar a súa inscrición nesta temporada nas categorías que se indican máis abaixo, deberán inscribirse vía INTRANET, (<https://clubs.fegaba.com/login>) e logo remitir ás Delegacións a seguinte documentación ORIXINAL:

- **DEPOSITO INICIAL OU AVAL BANCARIO**, xustificante do ingreso bancario a nome da FGB por importe da cantidade que en cada caso corresponda, ou aval bancario segundo modelo axunto.

- **COTA DE AFILIACIÓN**, xustificante do ingreso da transferencia bancaria a nome da FGB, polo importe da cantidade que en cada caso corresponda.

- Ingresos Nº Conta ES96-2100-1455-14-0200227406 de La Caixa.

A data do 28 de xullo ás 13.00 hrs. é improrrogable para presentar esta documentación, polo que chegado o momento, aquel equipo que non remitira a documentación indicada considerarase como retirado, orixinándose unha vacante que será cuberta.

	<u>C. Afiliación</u>	<u>Depósito/Aval</u>	<u>Data</u>
Liga de 1ª Div. Júnior	155,00 €	300,00 €	28.07.22
Liga de 1ª Div. Cadete.	155,00 €	300,00 €	28.07.22
Liga de 1ª Div. Infantil	125,00 €	300,00 €	28.07.22

A Federación Galega de Baloncesto solicita das Delegacións Zonais que se lle dea a maior difusión posible ao contido da presente circular, e non soamente entre aqueles equipos que en primeira instancia, teñen dereito á inscrición nas competicións de ámbito autonómico, senón tamén entre aqueles que puideran estar interesados en optar por algunha das prazas que se lle puideran dar.

Por outra banda, tamén pedimos a todos os clubs interesados que, unha vez feita a súa inscrición vía INTRANET, preparen toda a documentación necesaria orixinal e a remitan a través das respectivas Delegacións dentro dos prazos establecidos e seguindo o que se indica na presente circular co fin de evitar prexuízos irreparables que seríamos os primeiros en lamentar e dos que a Federación Galega de Baloncesto non se fará responsable.

Santiago, 28 xuño 2022



Asdo. Susana Fernández Fiuza
Secretaria Xeral